

**Acta núm. 04/2026.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 17 de marzo de 2026.**

ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
Sandy Marie Cebral Gómez.
María Rosa Romero Fariña.
Carlos Noya Pereira.
Non asiste:
José Antonio Vidal González.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:20 horas (con retraso) do 17 de marzo de 2026, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín, e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 03/2026, DO 03/03/2026.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.
- 3º) COMUNICACIÓN PREVIA PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 4º) COMUNICACIÓN PREVIA (ACTIVIDADE).
- 5º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 6º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 7º) RENUNCIA A LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 8º) CAMBIO DE TITULARIDADE LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 9º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 03/2026, DO 03/03/2026.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 03.03.2026, acta núm. 03/2026.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL CARMEN LAMEIRO MOLDES, na que comunica que vai substituír a cobertura de tella cerámica curva da vivenda sita no lugar de Moldes nº 5 - Luaña.

A parcela (referencia catastral 9431801NH1493S0001UR) na que se van executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

- 1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

-. Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 91,60 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 156,17 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL CARMEN VILANOVA VÁZQUEZ, na que comunica que vai proceder á limpeza con auga a presión da cuberta da vivenda situada na Avda. Santa Minia nº 58 - Brión, así como á substitución das tellas que se atopen en mal estado por outras das mesmas características.

A parcela (referencia catastral 6359401NH2466S0001QO) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

-. Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 19,40 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 83,97 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Octopus Energy Low Carbon Tech España S.L.U., que di actuar en representación de JOSÉ LUIS LÓPEZ LÓPEZ, na que comunica que vai ampliar a instalación de placas fotovoltaicas existente sobre a cuberta da vivenda sita no lugar de Osebe nº 21 – Bastavales. As novas placas solares (10 paneis), consonte coa memoria técnica asinada en data 09.03.2026 polo enxeñeiro técnico industrial Pau Alberio Beneyto, instalaranse sobre a cuberta de xeito coplanario.

A vivenda (referencia catastral 7404603NH2470N0001HK) onde se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-2, para as áreas non consolidadas pola edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

-. Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 149,44 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 214,01 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DOLORES VILACOBIA MARTÍNEZ, na que comunica que vai instalar unha piscina descuberta soterrada nunha parcela sita na Avda. de Sta. Minia nº 69 – Brión. O vaso da piscina, conforme ao proxecto técnico asinado polo arquitecto Jesús Manuel Carrillo Pena con data 02.03.2026, terá unhas dimensións de 12,00 m de longo por 6,00 m de ancho e unha profundidade uniforme de 1,50 m. A parcela (referencia catastral 6261506NH2466S0001UO) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 299,30 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 363,87 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MÓNICA ROMERO GUZMÁN, na que comunica que vai construír un peche perimetral nunha parcela sita no lugar de Salaño Grande – Ons, coas seguintes características:

- O peche frontal executarase con base de fábrica de bloque revestido ata unha altura de 1,20 metros e coroadado con malla metálica ata a altura total de 1,80 metros instalando sobre o mesmo unha porta de acceso peonil e un portalón para acceso de vehículos.

- Os peches laterais e o traseiro da finca executaranse con postes e malla metálica de 1,50 metros de altura.

A parcela (referencia catastral 15013B502001680000MQ) sobre a que se pretende executar o peche, procede da segregación da finca nº 168 da Concentración Parcelaria da zona e presenta dúas categorías de solo; solo de núcleo rural, situado na parte frontal da parcela séndolle de aplicación a ordenanza NRO-2 para áreas non consolidada pola edificación e solo rústico de protección agropecuaria, correspondente á parte traseira da finca.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A base do peche a executar en fábrica de bloque deberá de quedar revestida e pintada en tons claros.

- O peche frontal afastarase como mínimo a 5 m do eixo do vial.

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do

Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 116,46 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 181,03 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Flavia Concepción Piñeiro Ces, que di actuar en representación de MARÍA CONSUELO SEÑORÍS MALVAREZ, na que comunica que vai executar obras de mantemento e conservación na cuberta dun alpendre de carácter tradicional e de planta baixa, ancorado ao lado sur da vivenda de Gundín nº 17 – Os Ánxeles. As actuacións consistirán na retirada da cobertura actual do alpendre, formada por tella cerámica, e na execución dunha nova estrutura de cuberta metálica, mantendo o mesmo volume existente (59,78 m²), con acabado en tella cerámica sobre placas de fibrocemento. Así mesmo, realizarase o enfoscado da cara interior das paredes que conforman a envolvente vertical da construción existente, e procederase á instalación de caneiros nos aleiros da cuberta reformada e das correspondentes baixantes para a evacuación de augas pluviais.

A parcela (referencia catastral 5140302NH2454S0001ZJ) sobre a que se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1), e sitúase dentro da zona de afección da estrada de titularidade autonómica AC-543 e da AG-56.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña de data 24.02.2026 (expediente IF204A/AC/2025/0451) e do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Cumpríranse as condicións impostas na autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas da Coruña de data 24.02.2026 (expediente IF204A/AC/2025/0451).
- Coas obras que se autorizan non se modificará a aliñación actual da construción existente nin se producirá aumento de volume.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 314,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 378,57 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por BENITO DÍAZ RIVAS, na que comunica que vai realizar unha canalización de subministro de auga privada para dar servizo á vivenda situada en Beca nº 5, Bastavales. A canalización terá unha lonxitude aproximada de 5 metros lineais e cruzará un camiño municipal.

A parcela (referencia catastral 9810301NH2491S0001KT) sobre a que se pretende actuar atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 3,60 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 68,17 euros.

TERCEIRO.- COMUNICACIÓN PREVIA PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Carlos Taibo Rivera, que di actuar en representación de MARÍA DEL ROCÍO CASTRO NOYA, na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda situada na Rúa Inxerido nº 1 – baixo – Os Ánxeles.

Antecedentes:

1.- Con data 15/04/2025 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a MARÍA DEL ROCÍO CASTRO NOYA, para o cambio de uso dun local comercial a vivenda sito na Rúa Inxerido - Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado pola sociedade Torreira Pais S.L.P, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 28.02.2025 e documentación complementaria visada con data 26.03.2025 (expte. 2406511).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto Eugenio Torreira Pais, con data 18.02.2026, visado polo colexio oficial correspondente en data 03/03/2026, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 64,57 euros.

Total: 64,57 euros.

CUARTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (ACTIVIDADE).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Miguel Ángel Salgado Sánchez, que di actuar en representación da SEGUNDO RAMÓN BARREIRO LÓPEZ, na que comunica o inicio da actividade de campamento de turismo de cabanas (Cabanais do Río Pego) en Vilanova – Os Ánxeles.

Antecedentes:

1.- A Xunta de Goberno Local de data 30/01/2024 concedeulle licenza a SEGUNDO RAMÓN BARREIRO LÓPEZ, para a construción de 5 cabanas e rehabilitación de edificación e alpendre tradicional, destinados a campamento de turismo de cabanas (Cabanas do Río Pego) en Vilanova – Os Ánxeles, segundo proxecto técnico asinado polo arquitecto Miguel Ángel Salgado Sánchez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 20.11.2023 e 14.12.2023 (expte. 2305857).

2.- A Xunta de Goberno Local de data 25/11/2025 aprobou a modificación da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local do 30/01/2024, a favor de SEGUNDO RAMÓN BARREIRO LÓPEZ para a construción de 5 cabanas e rehabilitación de edificación e alpendre tradicional, destinados a campamento de turismo de cabanas (Cabanas do Río Pego) en Vilanova – Os Ánxeles, conforme co “Modificado do proxecto para a construción de campamento de turismo de cabanas e rehabilitación de edificación e alpendre existente para usos complementarios do mesmo”, asinado polo arquitecto Miguel Ángel Salgado Sánchez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 23.10.2025 (expte. 2305857), e manténdose no demais as condicións da licenza inicial que despregará tódolos seus efectos salvo no referido ás presentes modificacións, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

A Xunta de Goberno Local, á vista do certificado final de obra asinado polo arquitecto Miguel Ángel Salgado Sánchez con data 31.10.2025, visado polo Colexio Oficial correspondente o 20.11.2025, da resolución emitida pola Xunta de Galicia do 28.01.2026, Clave: TU984G RITGA-E-2025-014857, clasificando dito establecemento como campamento de turismo de 1 estrela (20 prazas), e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, no que sinala que consta realizada visita de comprobación o 12.03.2026, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada e autorizar a actividade de campamento de turismo de cabanas (Cabanas do Río Pego) con 20 prazas, en Vilanova – Os Ánxeles, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Taxa de tramitación de comunicación previa actividade: 263,25 euros.

Total: 263,25 euros.

QUINTO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por David Alonso Gregoris, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico de 5,75 Kw a unha vivenda unifamiliar sita no lugar de Outeiro 34 - Bastavaes, abrindo unha gabia de 6 ml, sobre un vial municipal segundo o proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Antonio Javier Sabín Vázquez en data 14.01.2026.

A vivenda obxecto de subministro (referencia catastral 8206427NH2480N0001WX) sitúase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso

o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 157,93 €, que se imputará ao aval global número 9340.03.2509855-91, emitido por CaixaBank, S.A. e presentado no Concello o 04/04/2022, r.e. 202200000000943.

2º) Aprobado as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 31,59 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 96,16 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ramón Rufián La Torre, que di actuar en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU, na que solicita licenza para substituír dous postes; un poste de madeira por un de fibra, e un poste de formigón, situado próximo ao primeiro, por outro coas mesmas características (formigón), consonte co documento técnico presentado e asinado polo enxeñeiro de telecomunicacións Javier Ventura Renaudot con data de 02.03.2026. Ambos postes están implantados xunto a un vial interior do núcleo de Chave de Ponte, entre as parcelas de referencia catastral 8812902NH2481S0001WQ e 9012304NH2491S0001RT.

A actuación sitúase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

2º) Notificar este acordo á entidade interesada para o seu coñecemento e efectos.

SEXTO .- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Esteban Canabal Antelo, que di actuar en representación de FUGAS GALICIA S.L., solicitando licenza para a rehabilitación e ampliación dunha edificación e cambio de uso a uso terciario – hoteleiro (pensión de tres estrelas) en Babenzo 3 – Bastavales, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Esteban Canabal Antelo, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 11.02.2026 (expte. 2502828).

A parcela onde se van executar as obras (referencias catastrais 7824102NH2472S0001WF e 7824103NH2472S0001AF) emprázanse sobre un ámbito de solo con dúas clasificacións:

- 3.249 m² en solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM.
- 96 m² en solo apto para urbanizar, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico coa correspondente categoría, en aplicación do disposto ó respecto pola súa Disposición transitoria primeira letra 2.b).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe previo favorable emitido pola Axencia de Turismo de Galicia de data 3 de setembro de 2025 (RITGA-E-2025-010122), así como dos informes favorables da arquitecta municipal e do asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Esteban Canabal Antelo, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 11.02.2026 (expte. 2502828).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (169 m² asinados en documento administrativo de cesión), e para completar a urbanización para que os terreos alcancen a condición de solar polo linde sur, que implica a pavimentación en ambos os dous frontes da parcela, (formación de beirarrúa de 1,80 m de ancho), a execución das conexións de abastecemento e saneamento, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público, deberán aportar aos efectos aval bancario ou fianza en metálico por importe de 1.800,00 €, que os interesados deberán presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a rehabilitación, ampliación e cambio de uso, non implica licenza para o peche, para o que deberá facer unha nova solicitude.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza. No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. Os ditos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre e cando a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar comunicación previa para o inicio da actividade, segundo a Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, achegando o informe definitivo favorable da Axencia de Turismo de Galicia.

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 169 m², destinados a regularización do viario, previsto no artigo 20.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 10 de marzo de 2026.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) provisional: 3.215,15 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 515,09 euros.

Total: 3.730,24 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Enrique Mella Otero, que di actuar en representación de INSTALACIONES DE ELECTRICIDAD Y FONTANERÍA SOUTO SLU, na que solicita licenza para as obras de reforma e ampliación dunha edificación auxiliar, actualmente destinada a almacén, co obxecto de dotala das instalacións necesarias para o seu uso comercial, consistente na exposición e venda de instalacións de enerxías renovables, en Vidalloiso nº 3, Bastavales, consonte co proxecto asinado polos arquitectos Ana Recuna Carrasco e Ignacio Mendizábal Herrero, que conta con visado colexial de data 18.06.2025 e documentación complementaria con visado do 04.03.2026.

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 8819602NH2481N0001WH) atópase nun ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (ordenanza NRL-1). Así mesmo, a parcela sitúase dentro da zona de afección do río Sar e na aldea de Vidalloiso, incluída no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave XBE5.

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 07.08.2025 (expediente XTC-2025-1485.AUI), da autorización de Augas de Galicia de data 02.02.2026 (clave DH.W15.110167) e dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarase estritamente ao proxecto asinado polos arquitectos Ana Recuna Carrasco e Ignacio Mendizábal Herrero, que conta con visado colexial de data 18.06.2025, así como á documentación complementaria con visado do 04.03.2026. Asemade, deberá cumprir as condicións recollidas na autorización de Augas de Galicia, de data 02.02.2026 (clave DH.W15.110167), e na autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, de data 07.08.2025 (expediente XTC-2025-1485.AUI), na que se establece que o cerramento exterior da edificación deberá enfoscarse e pintarse en cores claras acordes co contorno (brancos, beixes con pouca saturación de cor, etc.).

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. O prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde a data de notificación do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (Art. 31.b) do PXOM). No caso de incumprimento dos prazos citados procederase á incoación do expediente para a declaración de caducidade da licenza. O interesado deberá notificar ao Concello a data de iniciación das

obras. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos de acordo co previsto ao respecto pola vixente Lei 2/2016 (artigo 145.2)

-. Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

-. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

-. Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.

-. Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispor da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa para o inicio da actividade, segundo a Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, acompañando a seguinte documentación: Documento acreditativo do final de obra (certificado final de obra asinado polos autores do proxecto de acondicionamento do local).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) provisional: 144,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 240,03 euros.

SÉTIMO.- RENUNCIA A LICENZA DE OBRA MAIOR.

Pola alcaldía se retira este asunto da orde do día por estar pendente de trámites.

OITAVO.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ESTAFANÍA RAÑA MIRÁS, na que solicita o cambio de titularidade da licenza de obra para o acondicionamento dunha edificación entre medianeiras de planta baixa e alta para uso vivenda unifamiliar, en Gontade 12 - Os Ánxeles, segundo proxecto técnico confeccionado polo arquitecto Alberto Blanco Rodríguez, concedida pola Xunta de Goberno Local do 10 de agosto de 2005, a nome de JOSÉ RAÑA ÁLVAREZ.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar o cambio de titularidade da licenza de obra concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 10.08.2005, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, poñendo como titular da licenza de obra a ESTEFANÍA RAÑA MIRÁS, con DNI: ***9277**, que queda subrogada en todos os dereitos e obrigas derivados deste expediente.

2º) Notificar este acordo a interesada para o seu coñecemento e efectos.

NOVENO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 14,50 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González